



LAMAS CARVAJAL E A ACADEMIA GALEGA

Delfín Caseiro

Quixo o infortunio que Valentín Lamas Carvajal morrese en Ourense, onde nacera en 1849, xusto un ano despois da inauguración da Academia Galega, isto é, o 4 de setembro de 1906, e poucos días antes da súa aprobación definitiva, que se celebrou na cidade da Coruña o día 30 dese mesmo mes. O ilustre escritor ourensán non puido asistir ao acto inaugural da institución que tanto alentara ao longo da súa fecunda existencia.

No acto do 4 de setembro de 1905, tal como quedou consignado na páxina 3 do libro de actas da Academia, acordárase que fosen corenta os académicos de número. Os representantes da cidade de Ourense foron tres: Benito Fernández Alonso, Valentín Lamas Carvajal e Arturo Vázquez Núñez.

Na inauguración oficial da Academia, Manuel Luguís Freire -a quen foi dedicado este ano o Día das Letras Galegas- fixo un emotivo eloxio de Lamas Carvajal, o primeiro académico falecido, e deu lectura á poesía “Amor da patria”, incluído no libro *Saudades Galegas* (1880). Cando, un ano após o pasamento de Lamas Carvajal, ocupou o seu posto José Antonio Parga Sanjurjo, Manuel Murguía, o primeiro Presidente da Academia, que tivera viva e longa polémica co creador de *O Tío Marcos da Portela*, insiriu no seu dis-



curso de resposta ao novo académico estas palabras: “Con Lamas, diferencias que hoy creo dolorosas en el modo de juzgar su producción, nos separaron casi de repente.”

Segundo o profesor Alonso Montero, a primeira voz que formulara a necesidade de crear unha academia que se ocupase de unificar e perfeccionar a lingua foi a de Valentín Lamas Carvajal. Na novena das *Dez cartas escritas pr’os gallegos* (1875), un dos seus primeiros poemarios galegos, escrito con motivo da “Exposición Regional” que se celebrou ese ano en Compostela e con manifesta intención apoloxética da terra e do idioma, manifestaba:

*“Falai na nosa melosiña fala
pra que un tempo non chegue a facer morta;
pobo infelís que o seu linguaxe cala
ten a roína e perdición á porta.
Falai gallego, pois non é mancilla,
En Lugo, Ourense, Pontevedra e Cruña
cal castellano falan en Castilla,
e como catalán en Cataluña;
asina poderíamos un día,
traballando costantes sin sosego,
fundar unha ACADEMIA, que faría
o ‘limpa fixa e dá esprendor’ gallego.*”

Valentín L. Carvajal

Carta mecanografada de Rosina Sánchez,
dirixida ao Presidente e aos Vogais
da Academia Galega.



“E aposto cento por un
e mais poño o que non teño
que si catro galleguiños
das catro esquinas do reino
se sacoden, co él abrochan
con patriótico empeño
po las aldeas é vilas,
e cuiden de recollelo,
de compolo e arrombalo,
e facer un todo inteiro,
juro a Dios volvo decire,
que ha de ser un gusto velo
chegar a donde chegaron
os outros, e en anos menos,
e mas inda rebasalos,
e deixalos ben arredro.”

No ano 1880, a escritora Emilia Pardo Bazán, que había de ser designada Presidenta Honoraria da institución, nunha recensión do libro *Saudades Gallegas* de Lamas Carvajal, insistía na necesidade de creación dunha Academia.

Antes de que cristalizase definitivamente en 1905, semella que houbo, cando menos, tres intentos de constitución da entidade que non tiveron fortuna.

En 1881, un grupo de profesores da Universidade de Santiago de Compostela e varios escritores realizaran a proposta, que apareceu recollida no xornal *El Eco de Orense*, dirixido por Lamas Carvajal.

En 1884, *O Tío Marcos da Portela* anunciaba que un grupo de escritores se ía reunir en Compostela para resolver o problema da escritura do idioma.

O terceiro intento, o máis rigoroso de todos, ocorreu en 1894 e resultou da intención de converter a Asociación coruñesa “Folk-lore gallego”, impulsada por Emilia Pardo Bazán, en “Academia gallega”.

Á vista de que o cultivo literario non era suficiente para conseguir o perfeccionamento da lingua, solicitouse a creación dunha asociación, a “Academia Gallega”, que se ocupase de elaborar unhas normas de uso do idioma, de realizar estudos científicos e de fomentar o seu uso e cultivo. Personalidades como

*Pro namentres mui útil e bo fora
fundar da nosa léngua en desagravio
nos pobos ATENEOS, falando agora
na léngua que falou Alfonso o sabio.”*

Nese mesmo ano, Teodosio Vesteiro Torres fundara en Madrid a sociedade “Galicia Literaria” e recoñeceu a Lamas Carvajal como socio de mérito desta tertulia madrileña.

En 1879, en *El Heraldo Gallego* (1870-1880), publicación periódica que Lamas Carvajal comezou a dirixir en 1874, apareceron tres artigos consecutivos de Aurelio Elías Martínez que defendían a creación dunha Academia.

Con anterioridade, Xoán Manuel Pintos deixara constancia na súa obra *A Gaita Gallega* (1853) da preocupación por conseguir a unidade do idioma:



Xoán Manuel Pintos, Juan Antonio Saco y Arce, Manuel Murguía, Curros Enríquez ou o propio Lamas significáronse na formulación desta demanda, que remediase a anarquía ortográfica do galego escrito ao longo do século XIX. Curros Enríquez, desde as páxinas do seu semanario *La Tierra Gallega* da Habana, foi un dos máis persistentes na empresa; o seu compromiso e empeño habían resultar determinantes. Este foi un período transcendental no que a cultura escrita comezaba a xeneralizarse, a través dos libros e das publicacións periódicas.


Os estudosos estiman hoxe que o noso Rexurdimento foi moito máis que un renacemento literario; constituíu un movemento de reivindicación da lingua en todos os niveis e en todos os planos, desde o literario ao oral.

O prestixio, a dignificación, a depuración e a difusión da lingua, na súa expresión oral e escrita, conformaron os grandes obxectivos que guiabann a tarefa xornalística e a creación literaria de Lamas Carvajal.

No Prólogo do poemario *Espiñas, follas e froes* (1875 - 1876), manifestábase o autor nestes termos:

“Ben quixera que iste libriño chegase hastra as maos dos que proban as aldeas mais acurrunchadas, quixera espertar no curazón dos meus paisanos o amor á nosa dulcísima lingua. Causa vergonza decilo; os nosos mesmos campesinos mistúrana hoxe sin piedade coa castellana. Non poderei lograr os meus deseios porque son probe; pídlle, pois, de favor a cantos merquen iste libriño, si é que non lles prace, que llo regalen a calquera aldeano que atopen no seu camiño, pra que leéndoo entre eles, vexan que non é vergonza, cal pensan, o espresarse na súa rica fala.”

No ano 1876, Lamas Carvajal fundara *O Tío Marcos da Portela*, a primeira publicación periódica escrita totalmente en lingua galega; primeiro quincenal, pasou logo a ser semanal; axiña atinxiu a sorprendente tiraxe de 4000 exemplares, proba da súa extraordinaria popularidade; dúas etapas (1876 - 1880, 1883 - 1889), en vida do seu fundador. O compromiso absoluto coa lingua ficaba expresado nos dous textos que figuraban na cabeceira da publicación:



Reproducción da páxina 3 do libro de actas da Academia Galega en que se recolle o acordo de fixar o número de académicos e, entre outros, o nome de Lamas Carvajal.

“Os mandamentos d’o MARCOS fora d’a airexa, son seis: facer á todos xusticia, non casarse con ninguén, falar o gallego enxebre, comprir c’o que manda a ley, loitar pol-o noso adianto, con antusiasmo e con fé, vestir calzós e monteira *peromnía sécula amen.*”

“Teñen os pobos a gala n-o seu linguaxe falar; fálese chino na China, portugués en Portugal, catalán en Cataluña, e n-a Alemañia, alemán, soilo os gallegos d’agora hastra vergonza lles dá falar a melosa e dulce fala que falan seus pais.”


No primeiro parrafeo de *O Tío Marcos da Portela* (7 de febreiro de 1876) formulaba de maneira directa esta declaración:

“Cobizo que non haxa un curruncho na nosa pátrea onde non se oía o noso brande e melosiño linguaxe limpo das misturas doutras lénguas, nos fiadeiros, nas romaxes, nos parrafeos coas mozas, nas cántigas. En todo é necesario que resprandeza a nosa fala. Isto tedes que comprir ó pé da letra si é que tedes o nobre anhelo de conseguir a prosperidade dista adourada rexión, votando asina os novos cimentos dun porvir cheo de gloria.”

E no primeiro parrafeo da segunda etapa, Lamas Carvajal reafirmábase nas súas máis firmes conviccións:

Valentín L. Carvajal

Reproducción da páxina 33 do libro de actas da Academia Galega en que se dá conta da carta enviada por Rosina Sánchez, viúva de Lamas Carvajal, e o sentimento da institución pola morte do escritor



“... eu volvo de novo, con mais ánemos que dinantes, a recordar o que moitos esquecen, a espertar ós que dormen, a manter latexante e viva a historia da nosa terra, a fala da nosa patria.”

Convén lembrar, a respecto deste compromiso co idioma, que a partir de 1875 Lamas Carvajal ía empregar unicamente o galego na súa produción literaria. Lamas atreveuse a manifestar publicamente o ideal dunha Galiza monolingüe, ao entender que esta era a única alternativa para garantir a supervivencia da lingua.

Foron constantes os chamamentos de Lamas ao emprego do galego na prensa escrita, que debería ter o protagonismo e a gloria da súa promoción e implantación social. Nas publicacións que el dirixiu -*El Heraldo Gallego*, *O Tío Marcos da Portela*, *El Eco de Orense*- apareceron moitos artigos nos que se puña de relevo a preocupación pola corrección gramatical e ortográfica da lingua.

O traballo “Fóra vergonza”, asinado por un tal Manoel de Lence -seguramente pseudónimo do propio Lamas-, que apareceu en *O Tío Marcos da Portela* (1 de xuño de 1888) resulta magnífico exemplo desta traxectoria:

“Porque o certo éles, que apesar de ser un gallego, vése n-as apuradas pra saber o verdadeiro modo d’ esquirbir as palabras mais conecidas e mais correntes d’a fala ga-

lega, y-as regras d’a ortografía son tan *unipersonales* que se volve un home tolo ô ver que as autoridades gallegas n-a materia, escriben cada ún d’a maneira que Dios ou a sua cencia lle deu a entender.”

Lamas foi tamén un dos primeiros autores do Rexurdimento en facer un chamamento directo a prol do emprego oral consciente do idioma. Así o expresaba na composición “O falar das fadas”, do libro *Saudades Gallegas* (1880):

“Fálame nesa fala melosiña
que celestiales armunías ten;
fálame no lengoaxe da terraíña
s’ é que me queres be.

Fálame nesa fala qu’espresando
tristuras, fai sentir ô curazón
non sei que morno acabamento brando,
nin que vaga emoción.”

(...)

En palabras de Carme Hermida, Lamas Carvajal “foi un home comprometido co movemento de recuperación nacional de Galicia, que tivo unha visión do futuro do idioma e dos avances técnicos e sociais moito máis avanzada cá dos seus coetáneos.”

A tarefa iniciada polos intelectuais do XIX resultou decisiva para a conservación da lingua e para a aparición de sucesivos movementos de reivindicación da identidade de Galiza.

A pesar da cegueira -librara do servizo militar no 1870 alegando esta doenza e perdeu completamente a vista con 27 anos-, Lamas Carvajal foi o autor máis prolífico e polifacético do seu tempo. A súa muller, Amalia Rosina Sánchez, orixinaria da Guarda (Pontevedra), e dous dos seus fillos, Valentina e Modesto, foron os que transcribiron, ao ditado do autor, a maior parte da súa obra creativa.

Axiña atinxiu grande éxito como escritor e extraordinaria popularidade -comparábel á de Curros Enríquez-, pola súa capacidade de análise da realidade galega, nomeadamente do mundo campesiño, e a súa complicidade coas clases sociais máis desfavorecidas. O seu célebre *O Catecismo do labrego* (1888), peza paródica na que



se denuncia a situación de miseria do campesiñado galego e a explotación caciquil, chegou ás trece edicións en vida do autor. O seu estilo caracterízase pola acertada mestura de denuncia e ironía –sátira (retranca), e pola fidelidade ao rexistro coloquial, do que é un grande coñecedor. A produción literaria e xornalística de Lamas constitúe un auténtico tratado de fraseoloxía galega, especialmente ourensá. O autor ourensán pon os alicerces do xornalismo galego e convértese no primeiro empresario editorial.


Para a profesora Pilar García Negro, estudosa e editora da súa produción poética galega, “Lamas é un ilustrado, un home culto que pon a súa intelixencia e a súa actividade ao servizo da ‘redención’ do país e da exhibición e dignificación da súa clase social máis numerosa, os labregos. ...é o escritor do XIX máis claramente empeñado na procura da alianza co povo, máis interesado en devolver, prestixiado, aos utentes ‘naturais’ do idioma galego, a súa credencial básica.”

Após o seu pasamento, son moitas as homenaxes e os actos de recoñecemento que se celebraron na súa honra. A súa viúva Rosina Sánchez, fiel e animosa colaboradora durante tantos anos, púxose á fronte de moitas iniciativas.

Nos arquivos da Academia gárdanse dúas comunicacións escritas –unha carta e un cartón de visita– remitidas por Rosina Sánchez. A carta, mecanografada en papel coa cabeceira do xornal *El Eco de Orense*, datada o 6 de novembro de 1906, dirixida ao Presidente e os Vogais da Academia Galega, procuraba os auspicios da institución no proxecto de erixir, mediante suscripción popular, un mausoleo no cemiterio de Ourense no que repousasen os restos mortais do ilustre xornalista e escritor.

Unha acta da Academia recolle que se deu coñecemento aos presentes da carta de Rosina Sánchez; no mesmo documento faise constar, a proposta do Presidente, o sentimento da Academia pola morte de Valentín Lamas Carvajal e o envío á súa viúva dunha mensaxe de pésame.

A acta correspondente á Xunta ordinaria da Academia, celebrada o día 1 de decembro de 1906, rexistra o acordo da institución de responder á viúva de Lamas



Reprodución da páxina 34 do libro de actas da Academia Galega –“Acta de Junta ordinaria”- en que se acorda dar resposta á carta de Rosina Sánchez.

Carvajal de que “...si bien no podía tomar iniciativa alguna, habría de cooperar por cuantos medios estuvieran á su alcance á la realización de aquel pensamiento.”

No mes de agosto do ano seguinte, Rosina Sánchez dirixíase novamente ao Presidente da Academia, Manuel Murguía, mediante un cartón de visita manuscrito, solicitando a súa colaboración e a de outros escritores da institución para un número extraordinario –de *El Eco de Orense*, imaxinamos–con motivo do primeiro aniversario do falecemento de tan distinguido personaxe.

No ano 1949 –celebración do centenario do seu nacemento–, con motivo da inauguración, no xardín do Posío de Ourense, dun monumento conmemorativo dedicado ao creador de *O Tío Marcos da Portela*, Ramón Otero Pedrayo, valedor incondicional de Lamas Carvajal, fixo a primeira alocución pública empregando o galego despois da Guerra Civil, perante as autoridades militares e civís do franquismo.

En 1972, a Real Academia Galega decidiu dedicarlle a Lamas Carvajal a celebración do Día das Letras Galegas e realizou a publicación dunha escolma de poesías do autor, con unha introdución do propio Otero Pedrayo e un epílogo de Ricardo Carballo Calero.



MARCOS VALCÁRCEL

Ourense, 1958

Historiador e escritor. Autor cunha ampla bibliografía, os seus últimos traballos foron a edición e introducción da “Poesía galega completa de Antón Tovar” (Pen Clube Galicia, 2005) e o estudo introductorio do libro “Últimas páginas sobre Galicia. Artículos olvidados en “Vida Gallega” (1919-1962)”, de Vicente Risco (Ed. Alvarellos, 2006). É membro correspondente da Real Academia Galega desde 2004.